

NOTA ACLARATORIA

Respecto do programa funcional do novo edificio xudicial de Ourense cómpre subliñar que se entenderá por “xulgado” cada unha das unidades xudiciais definidas no correspondente prego, coa composición alí indicada.

No edificio deberanse introducir a totalidade dos órganos xudiciais (xulgados) existentes na cidade de Ourense (20), así como, se for posible, a ampliación dun número razoable destes (aproximadamente unha porcentaxe do 20%).

Non se terá que incluír no edificio dependencias destinadas á Audiencia Provincial que actualmente ocupa o segundo andar do Pazo de Xustiza.

Polo que atinxe á Fiscalía deberán contemplarse dependencias con previsión para un despacho de fiscal (12-15 m²) por cada un dos órganos xudiciais que se proxecten, así como un local que albergue a oficina de tramitación da dita Fiscalía (de aproximadamente 150 m²).

(Para completar esta información recoméndase o acceso a seguinte dirección: www.poderjudicial.es).

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2009
Subdirección Xeral de Contratación